

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG111284	<i>Expediente</i> CON/35/2017	<i>Fecha</i> 01-12-17 13:17

Número 17 .- Proposta relativa á adxudicación das obras de "Reurbanización na rúa Rapa da Folla - POS 2014".

Destinatario

15078DCMG1112846



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 01 de decembro de 2017 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 17 .- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE "REURBANIZACIÓN NA RÚA RAPA DA FOLLA - POS 2014".

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, de data 16 de novembro de 2017. Así mesmo, do informe favorable con observación de Intervención, número 2017/917 de data 28.11.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural, mantemento e obras para o equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "Reurbanización na rúa Rapa da Folla - POS 2014", consonte os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 27 de outubro de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG111284	<i>Expediente</i> CON/35/2017	<i>Fecha</i> 01-12-17 13:17

Segundo: Con data 16 de novembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU e SIMER OBRAS Y SERVICIOS, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados

SEGUNDO Rexeitar a oferta presentada pola empresa SYR-AMG SLU, que afirma, no correspondente formulario, que contratarán a 0 (cero) traballadores desempregados, incumprindo o taxativo requirimento do prego en forma de condición especial de execución de que os licitadores comprometerán a contratación de alomenos un traballador desempregado a xornada completa.

TERCEIRO: Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL (CIF: B70123005), por un importe de **28.400 euros** (IVE aparte 21%: 5.964 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Designase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15320 61900, pasando a considerarse expediente anticipado de gasto dado que as obras non se iniciarán ata xaneiro do 2018."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

PRIMEIRO: Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES OBRAS Y SERVICIOS SLU e SIMER OBRAS Y

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG111284	<i>Expediente</i> CON/35/2017	<i>Fecha</i> 01-12-17 13:17

SERVICIOS, por non xustificar debidamente a consideración das súas condicións económicas como valores anormais ou desproporcionados

SEGUNDO: Rexeitar a oferta presentada pola empresa SYR-AMG SLU, que afirma, no correspondente formulario, que contratarán a 0 (cero) traballadores desempregados, incumprindo o taxativo requerimento do prego en forma de condición especial de execución de que os licitadores comprometerán a contratación de alomenos un traballador desempregado a xornada completa.

TERCEIRO: Adxudicar o contrato de "Reurbanización na rúa Rapa da Folla - POS 2014", a favor da empresa JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL (CIF: B70123005), por un importe de **28.400 euros** (IVE aparte 21%: 5.964 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como técnico municipal director- responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 15320 61900, pasando a considerarse expediente anticipado de gasto dado que as obras non se iniciarán ata xaneiro do 2018.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: ~~Xan Xesús Duro Fernández~~

